Entre os obxectivos marcados polo Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do centro para o presente curso está o de achegar ao alumnado á expresión oral en galego. Así é en colaboración coa Biblioteca do centro, contaremos cun ciclo de contacontos durante o mes de abril e maio.

Asimesmo desenvolvemos unha actividade destinada a formar "contacontos" entre o alumnado dos cursos superiores. Estes participaron nun taller no que se preparou unha historia e se explicaron as técnicas para unha correcta exposición en público. Posteriormente estes “contadores de contos” iranlle contar, durante o mes de maio, as súas historias aos seus compañeiros dos niveis inferiores. O obxectivo desta actividade é o de fomentar a lectura e a fala en galego diante dun público, fomentar as dotes interpretativas e acadar unha maior integración do alumnado entre os diferentes níveis.

TALLER DE CONTACONTOS

SERGIO. 6ºC

O día 24 de Marzo tivemos unha conferencia sobre a interpretación. Esta, foi dada por Tacho González, un afamado actor e presentador da TVG.

A conferencia trataba sobre a correcta e entretida forma de contar un conto. Os métodos son, ante todo, contar a historia cambiando a voz adecuada a cada personaxe e facendo as pausas e tons segundo os signos de puntuación; aínda que, tamén se poden engadir pequenos efectos, como mover as mans e xesticular en partes determinadas do conto.

O conferenciante, utilizou todos estes recursos interpretativos nun conto chamado “O peixe arcoiris”. Este conto trataba sobre un peixe que tiña todas as cores do arcoiris nas súas escamas. Por isto, os demais peixes chamábanlle Peixe Arcoiris. Pero un día, deixaron de facerlle caso pola escama que non lle regalara a un peixiño azul. Foi pedirlle consello sobre o que debía facer para recuperar a amizade dos outros peixes, a un polbo. Este aconselloulle que lle dese unha escama a cada peixe, e así o fixo. Ó final, só quedou unha escama para el, pero tiña montóns de amigos.

Despois, saímos algúns nenos a representar unha parte do conto, empregando todos os recursos interpretativos co conferenciante nos ensinara.

Esta conferencia foi moi divertida, tanto por poder escoitar o conto da boca do conferenciante, como por poder representalo. Ademais, resultoume bastante interesante aprender todas estas cousas sobre as representacións.